

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

2110 *Real decreto 306/2020, do 11 de febreiro, polo que se establecen normas básicas de ordenación das granxas porcinas intensivas e se modifica a normativa básica de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo.*

O sector porcino é a primeira produción gandeira en canto a importancia económica do noso país, así como un dos principais produtores no ámbito europeo e mundial.

O Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas intensivas, é un dos elementos clave en que se sustentou a evolución do sector produtor nas últimas décadas, a través de aspectos como o desenvolvemento de condicións estruturais, de localización, de funcionamento, de identificación e rexistro, así como a incorporación de requisitos ambientais específicos para a actividade.

Desde o ano 2000, a evolución dos retos económicos, sociais e ambientais da produción gandeira, unidos á necesidade de adecuar esta realidade a un sector en constante evolución, en liña coa evolución do marco lexislativo en materia zootécnica, sanitaria e ambiental, fan necesario non só actualizar, senón revisar en profundidade os piares da normativa de ordenación sectorial porcina: a sanidade animal e a xestión ambiental das granxas.

En materia de sanidade animal, ben que as perspectivas mundiais presentan oportunidades para un sector dinámico e moderno, a dependencia exterior implica evidentes riscos e fai cada vez máis necesario asegurar o status sanitario de todo o gando porcino. O sector debe considerar a bioseguridade como verdadeira rede de protección do conxunto do mercado.

Por outra parte, combater a resistencia antibiótica é unha prioridade da Unión Europea (UE), que estableceu unha estratexia común fronte a esta cuestión. En novembro do ano 2011, o Parlamento Europeo publicou unha resolución non lexislativa pola que se estableceu un Plan director de acción sobre resistencias antimicrobianas (2011-2016), que estimulou a posta en marcha de plans nacionais de actuación. España aprobou en 2014 o seu primeiro Plan nacional fronte á resistencia aos antibióticos (Pran). No actual, que abarca o período 2019-2021, hai que destacar que un dos seus principais piares é a «Prevención da necesidade do uso de antibióticos».

Esta prioridade reflíctese nos considerandos do Regulamento (UE) n.º 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2016, relativo ás enfermidades transmisibles dos animais e polo que se modifican ou derrogan algúns actos en materia de sanidade animal («Lexislación sobre sanidade animal»), que destaca a función preventiva do marco legal e a conseguinte redución que se espera que se faga do uso de antibióticos en animais.

No ámbito ambiental, a produción porcina pode ter un significativo impacto, especialmente en relación coa produción de nitratos e as emisións de amoníaco á atmosfera e, en menor medida, polo seu potencial carácter emisor de gases de efecto invernadoiro. Por esta razón, faise cada vez máis necesario que a produción porcina incorpore os retos dun sector moderno e heteroxéneo, acorde coas expectativas sociais, especialmente en materia ambiental.

En particular, o Reino de España debe incorporar compromisos de redución de amoníaco e outros gases contaminantes como partículas e compostos orgánicos volátiles en virtude da Directiva (CE) 2016/2284 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro de 2016, relativa á redución das emisións nacionais de determinados contaminantes atmosféricos, pola que se modifica a Directiva 2003/35/CE e se derroga a

Directiva 2001/81/CE, e de acordo co Real decreto 818/2018, do 6 de xullo, sobre medidas para a redución das emisións nacionais de determinados contaminantes atmosféricos, que traspón a dita directiva, e o Programa nacional de control da contaminación atmosférica aprobado polo Consello de Ministros o 27 de setembro de 2019.

As medidas propostas neste real decreto contribúen, ademais, ao cumprimento dos obxectivos climáticos de España recollidos no Regulamento (UE) 2018/842 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, sobre reducións anuais vinculantes das emisións de gases de efecto invernadoiro por parte dos Estados membros entre 2021 e 2030 que contribúan á acción polo clima, co obxecto de cumprir os compromisos contraídos no marco do Acordo de París, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 525/2013. Estes obxectivos están, pola súa vez, aliñados coas conclusións do Consello Europeo (23 e 24 de outubro de 2014) sobre o marco de actuación en materia de clima e enerxía até o ano 2030.

Con base nestas perspectivas, o sector debe contar cun marco de ordenación para construír unha estratexia de desenvolvemento para as próximas décadas. Unha estratexia que lle permita posicionarse nos mercados mundiais, reducir os riscos asociados á internacionalización e integrar os retos sociais e ambientais que demanda a sociedade. Estes obxectivos plásmanse nos principais aspectos desenvolvidos pola norma.

Este marco normativo circumscribese a súa actuación ás granxas intensivas de gando porcino, denominadas explotacións no texto legal, dada a necesaria adecuación da terminoloxía ao marco legal vixente e, en particular, ao termo definido para o efecto na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Así, esténdese o ámbito de aplicación a todas as granxas que, en réxime intensivo, aloxen animais da familia *suidae* –termo que inclúe todas as especies e subespecies da dita familia e, en particular, os xabarís–, e establécense excepcións xerais para granxas de pequena dimensión ou autoconsumo que, non obstante, manteñen de maneira subsidiaria responsabilidades e obrigacións, en particular en materia de bioseguridade, benestar e sanidade animal.

Polo tanto, quedan fóra do ámbito de aplicación as explotacións en réxime extensivo reguladas polo Real decreto 1221/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo. A norma regula, non obstante, dous aspectos que son de aplicación subsidiaria ás granxas extensivas e que fan necesario, por tanto, modificar o Real decreto 1221/2009, do 17 de xullo: o movemento de animais entre granxas intensivas e extensivas e os requisitos relativos á declaración censal anual, así como a xestión integral dos residuos.

Consecuentemente, esta norma modifícase mediante a disposición derradeira primeira para adaptar as súas disposicións en relación co censo, principalmente, así como para establecer restricións no que respecta á venda de animais reprodutores desde granxas de produción de leitóns. No ámbito da produción extensiva tamén se derroga expresamente, por seguridade xurídica, a Orde do 30 de xuño de 1982 pola que se establecen normas para o desenvolvemento da ordenación sanitaria e zootécnica das explotacións porcinas extensivas.

O establecido no presente real decreto aplícase sen prexuízo do establecido para granxas que empreguen sistemas diferenciados de calidade, incluída a produción ecolóxica, e que se regulan de acordo co Real decreto 4/2014, do 10 de xaneiro, polo que se aproba a norma de calidade para a carne, o xamón, a paleta e lombo embuchado ibérico, e o Regulamento (UE) 2018/848 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, sobre produción ecolóxica e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, que esta norma, por regular aspectos da cría de porcos diferentes aos das normas sinaladas, non modifica en ningún caso. Na súa virtude, os requisitos previstos nesta disposición para as explotacións intensivas serán de plena aplicación a estas, á marxe do cumprimento adicional das obrigacións específicas recollidas na norma citada de calidade ou na relativa á explotación ecolóxica.

Faise necesario incorporar as definicións aplicables establecidas mediante a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, o Real decreto 479/2004, do 26 de marzo,

polo que se establece e regula o Rexistro de explotacións gandeiras, e o Regulamento (UE) n.º 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, relativo ás condicións zootécnicas e xenealóxicas para a cría, o comercio e a entrada na Unión de animais reprodutores de raza pura, porcinos reprodutores híbridos e o seu material reprodutivo, e polo que se modifican o Regulamento (UE) n.º 652/2014 e as directivas 89/608/CEE e 90/425/CEE do Consello e se derrogan determinados actos no ámbito da cría animal («Regulamento sobre cría animal»).

Tamén se presenta unha clasificación das granxas en función dos aspectos desenvolvidos polo Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, que incorpora tanto os tipos de granxas como unha clasificación zootécnica que recolla e actualice a realidade cambiante deste sector.

Os aspectos relativos á información mínima que debe constar no Rexistro de granxas de gando porcino e a súa actualización alíñanse cos requisitos mínimos establecidos no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.

A prol da claridade, a norma prevé establecer unha adecuada repartición de funcións e deberes para todas as persoas e entidades con responsabilidade nunha granxa de gando porcino, especialmente necesaria nun sector heteroxéneo e con diferentes modelos produtivos. En particular, considérase de especial relevancia desenvolver a figura do veterinario, definido na Lei 8/2003, do 24 de abril, así como establecer unha adecuada repartición de responsabilidades na produción en réxime de integración vertical.

Considérase, así mesmo, un aspecto central garantir que todas as persoas en contacto cos animais posúan unha formación adecuada e suficiente. Esta formación aplícase sen prexuízo do legalmente establecido noutros aspectos de capacitación de persoal e, en particular, no que especificamente se regula no Real decreto 830/2010, do 25 de xuño, polo que se establece a normativa reguladora da capacitación para realizar tratamentos con biocidas, e a través da normativa aplicable de benestar animal, en concreto, o Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas e polo que se modifican as directivas 64/432/CEE e 93/119/CE, e o Regulamento (CE) n.º 1255/97, e no Real decreto 37/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan aspectos relativos á protección dos animais no momento da matanza.

No que respecta ás condicións das granxas, faise especial énfase en garantir un nivel mínimo nas condicións de bioseguridade, establecendo niveis progresivos de protección en función da dimensión da granxa. Do mesmo modo, prevese facilitar a aplicación dos requisitos de localización e movemento, a través da clarificación de conceptos aplicables.

De maneira subsidiaria, esta norma incorpora obrigacións e requisitos documentais para garantir o cumprimento da normativa vixente en materia de benestar animal, e establece, ademais, unha asignación de competencias adecuada ao nivel de responsabilidade do persoal das granxas.

En canto a benestar animal, a normativa básica a constitúe o Real decreto 1135/2002, do 31 de outubro, relativo ás normas mínimas para a protección dos porcos, con base sancionadora na Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio. As ditas normas, nalgúns aspectos, tales como o espazo mínimo por animal ou o nivel máximo de ruído, son moi concretas, de forma que o gandeiro pode e debe cumprir cos requisitos de maneira inequívoca e a autoridade competente verificalo.

Non obstante, noutros aspectos si existe a posibilidade (e, nalgúns casos, a obrigación), dunha toma de decisións caso por caso, distintas en cada explotación. Un exemplo deste suposto é a prohibición da práctica rutineira da rabenadura e a redución da punta dos dentes dos animais. O gandeiro debe analizar a situación na súa granxa e modificar a xestión ou os parámetros ambientais para evitar a realización rutineira de tales prácticas. Por isto, este real decreto establece a obrigación do titular de dispor dun plan de benestar animal, que indicará que estudou as condicións da súa granxa e que, tras avaliar os factores de risco existentes, adoptou e aplicou un plan de acción que asegure o

cumprimento da normativa, incluíndo aqueles aspectos que permiten unha marxe de actuación.

No ámbito ambiental, a adecuada xestión dos estercos é crucial, e os titulares das granxas son os primeiros responsables da súa correcta xestión. A Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, que traspuxo ao noso ordenamento a Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas directivas, ten como obxecto impulsar medidas que preveñan a xeración de residuos e mitigar os impactos adversos sobre a saúde humana e o ambiente asociados á súa xeración e xestión, mellorando a eficiencia no uso dos recursos. Cabe aclarar que, en relación cos estercos, a Lei 22/2011, do 28 de xullo, non é de aplicación ás materias fecais se son utilizadas en explotacións agrícolas e gandeiros mediante procedementos ou métodos que non poñan en perigo a saúde humana ou danen o ambiente.

Porén, nas granxas porcinas intensivas onde se produzan elevadas cantidades de estercos e non se dispoña de terras agrícolas suficientes para aplicar o esterco, podería resultar necesario destinar unha parte ou a totalidade dos estercos a instalacións de tratamento, caso en que sería de aplicación a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, sen prexuízo da normativa aplicable en materia de subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano.

Co obxectivo de protexer o ambiente, cómpre ter en conta todas as achegas de emendas e fertilizantes que se realizan nos solos agrícolas. Por isto, a valorización agronómica de todos os materiais que se achegan ao solo, incluídos os estercos, debe abordarse de maneira global e específica mediante unha norma que agrupe a xestión de estercos en conxunto coa nutrición sustentable dos solos agrícolas, de maneira que se permita un enfoque holístico aos desafíos que implica a fertilización de solos no noso país.

Por esta razón, prevese aprobar un real decreto de nutrición sustentable de solos agrícolas, que será complementario a este real decreto. Até a entrada en vigor da dita norma mantéñense, con carácter xeral, os requisitos de valorización agronómica de estercos establecidos no Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, para garantir a seguridade xurídica e evitar un baleiro legal neste ámbito.

Ademais, no ámbito da contaminación atmosférica, a norma incorpora un programa de redución de emisións, aplicable a todas as granxas a partir dunha dimensión media, a través da aplicación obrigatoria de mellores técnicas dispoñibles, tal e como se definen no artigo 3 do Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación. Tamén se incorporan medidas para cumprir cos compromisos nacionais de redución de emisións de amoníaco establecidos no Real decreto 818/2018, do 6 de xullo, sobre medidas para a redución das emisións nacionais de determinados contaminantes atmosféricos.

A incorporación de mellores técnicas dispoñibles polas granxas porcinas que establece esta norma aplícase sen prexuízo das obrigacións e prazos derivados da aplicación da Decisión de execución (UE) 2017/302 da Comisión, do 15 de febreiro de 2017, pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD) no marco da Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación), respecto á cría intensiva de aves de curral ou de porcos.

Para monitorizar o alcance da redución de emisións contaminantes e de gases de efecto invernadoiro, así como establecer unha base para clasificación ambiental de granxas, de eventual desenvolvemento ulterior, créase un Rexistro de mellores técnicas dispoñibles.

O conxunto de medidas de prevención da contaminación inclúe medidas de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, óxido nítrico e metano entre outros, recollidas no borrador do Plan nacional integrado de enerxía e clima de España, elaborado en virtude do Regulamento (UE) 2018/1999 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, sobre a gobernanza da Unión da enerxía e da acción polo clima, e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 663/2009 e (CE) n.º 715/2009 do

Parlamento Europeo e do Consello; as directivas 94/22/CE, 98/70/CE, 2009/31/CE, 2009/73/CE, 2010/31/UE, 2012/27/UE e 2013/30/UE do Parlamento Europeo e do Consello, e as directivas 2009/119/CE e (UE) 2015/652 do Consello, e se derroga o Regulamento (UE) n.º 525/2013 do Parlamento Europeo e do Consello. Algunhas destas medidas poden, así mesmo, contribuír a favorecer o aproveitamento do metano como fonte de enerxía renovable, tanto en demandas da propia instalación como noutras aplicacións.

Todos os requisitos establecidos na norma deben ter un refrendo documental, protocolizado e articulado a través dun mesmo documento, o Sistema integral de xestión das granxas de gando porcino. Ademais, incorpórase o principio de autocontrol aos requisitos veterinarios da norma, a través dun plan de visitas zoonosanitarias, de acordo co Regulamento (UE) n.º 2016/429, do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2016.

A norma incorpora, así mesmo, mecanismos de coordinación entre autoridades competentes, a través da planificación dos controis oficiais, e crea a Mesa de ordenación dos sectores gandeiros como órgano de diálogo e asistencia para o cumprimento das condicións de aplicación da norma.

Posto que as disposicións relativas ao rexistro das granxas extensivas de porcino se encontran superadas polo marco legal publicado a posteriori, procédese, en consonancia, a derrogar a Orde do 30 de xuño de 1982 pola que se establecen normas para o desenvolvemento da ordenación sanitaria e zootécnica das explotacións porcinas extensivas, co fin, así mesmo, de mellorar a seguridade xurídica e evitar a dispersión normativa.

As disposicións do presente real decreto terán o carácter de normativa básica estatal, ao abeiro do disposto no artigo 149.1, regras 13.^a, 16.^a e 23.^a, da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de, respectivamente, bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e bases e coordinación xeral da sanidade e lexislación básica sobre protección do ambiente.

Na tramitación deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas e entidades representativas dos sectores afectados.

Tamén foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva (UE) 2015/1535 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, pola que se establece un procedemento de información en materia de regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da información, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información.

Así mesmo, en cumprimento do previsto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o proxecto de real decreto foi sometido ao procedemento de audiencia e información públicas e adecúase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, pois entre outros obxectivos xa mencionados, articúlense os instrumentos necesarios para dar resposta aos compromisos de redución de amoníaco e outros contaminantes en virtude da Directiva (CE) 2016/2284 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro de 2016, así como de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro en virtude do Regulamento (UE) 2018/1999 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, ao ser unha norma con rango de real decreto que, polo demais, contén as disposicións específicas no sector da produción porcina intensiva, o instrumento máis eficaz para cumprir os ditos compromisos. Así mesmo, trátase do instrumento máis adecuado para garantir que a normativa europea se aplica dun modo homoxéneo en todo o territorio nacional, o que garante o interese xeral. Tamén se adecúa ao principio de proporcionalidade, pois non existe outra alternativa menos restritiva de dereitos ou que

impoña menos obrigacións aos destinatarios. En canto aos principios de seguridade xurídica e eficiencia, esta norma adecúase a eles pois, a prol dunha maior seguridade xurídica, derróganse o Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, e a Orde do 30 de xuño de 1982 pola que se establecen normas para o desenvolvemento da ordenación sanitaria e zootécnica das explotacións porcinas extensivas, gardando este real decreto a debida coherencia co resto do ordenamento xurídico e, en canto ao principio de transparencia, procurouse a participación das partes interesadas, a través do procedemento de información e participación pública, evitando cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da vicepresidenta cuarta e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de febreiro de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O presente real decreto establece as normas básicas para a ordenación zootécnica e sanitaria das explotacións porcinas intensivas, en canto se refire á capacidade máxima produtiva, ás condicións mínimas de infraestrutura, equipamento e manexo, localización, bioseguridade e condicións hixiénico-sanitarias e requisitos ambientais, que permitan un eficaz e correcto desenvolvemento da actividade gandeira no sector porcino, conforme a normativa vixente en materia de hixiene, sanidade animal, identificación e rexistro, benestar dos animais, ambiente e cambio climático.

2. As disposicións establecidas no presente real decreto serán de aplicación ás explotacións en que se críen ou manteñan animais da familia «Suidae» (súidos), aos cales se lles aplicará o termo «porcino».

3. Exceptúanse desta regulación:

a) As explotacións en sistema extensivo, incluídas no ámbito de aplicación do Real decreto 1221/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo.

b) As explotacións gandeiras especiais, de acordo coa clasificación do anexo III do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, a excepción dos centros de concentración, as explotacións de tratantes ou operadores comerciais e os puntos de parada.

c) Os núcleos zoolóxicos e a tenza de animais non destinados ao consumo humano e que se manteñan con fins persoais non comerciais.

Ás explotacións para autoconsumo, segundo se define no artigo 2.2.f), non lles será de aplicación o establecido nos artigos 3, 4, 6, 7, 9, 10, 11 e 12.

Ás explotacións reducidas, segundo se define no artigo 2.2.g), non lles será de aplicación o establecido nos artigos 4, 6, 7, 9, 10 e 11.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para efectos do presente real decreto, serán aplicables as definicións que figuran na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal; no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, e no Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, relativo ás condicións zootécnicas e xenealóxicas para a cría, o comercio e a entrada na Unión de animais reprodutores de raza pura, porcinos reprodutores híbridos

e o seu material reprodutivo, e polo que se modifican o Regulamento (UE) n.º 652/2014 e as directivas 89/608/CEE e 90/425/CEE do Consello e se derrogan determinados actos no ámbito da cría animal («Regulamento sobre cría animal»).

2. Ademais, entenderase como:

a) Sistema de produción intensivo: o utilizado polos gandeiros cando aloxan os seus animais nas mesmas instalacións onde se lles subministra unha alimentación fundamentalmente a base de penso e, ademais, sempre que se supere unha carga gandeira de 15 porcos de ceba por hectárea, ou o seu equivalente de acordo coas cifras que figuran no anexo I do presente real decreto.

b) Sistema de explotación mixto: aquel en que coexisten o sistema extensivo e o intensivo, tal e como se definen no Real decreto 1221/2009, do 17 de xullo, e a presente norma, respectivamente, aplicándose os requisitos desta norma ao conxunto da explotación, a excepción daqueles recintos onde os animais se aloxen de acordo coas condicións establecidas para a produción extensiva.

c) Autoridade competente: a Administración xeral do Estado e os órganos competentes das comunidades autónomas, nos seus ámbitos respectivos.

d) Produción en fases: é o sistema de produción que, baixo a mesma titularidade, ben sexa persoa física ou xurídica, prevexa períodos de cría, recría ou transición e/ou ceba de animais en instalacións situadas en localizacións xeográficas diferentes, correspondentes a cada fase ou parte ou combinación delas.

e) UGM (unidade gandeira maior): equivalencia para cada tipo de animal presente nunha explotación, de acordo cos valores que establece o anexo I, que serve para determinar a capacidade máxima dunha explotación, para a aplicación dos distintos requisitos que estipula o presente real decreto e para establecer a súa clasificación por tamaño.

f) Explotación para autoconsumo: a utilizada para a cría de animais con destino exclusivo ao consumo familiar, cunha produción máxima por ano de 3 porcos de ceba, e sen dispor de reprodutoras.

g) Explotación reducida: aquela que alberga un número máximo de 5 reprodutoras e que pode manter un número non superior a 25 animais de ceba. En todo caso, a explotación non poderá albergar unha cantidade de animais da especie porcina superior ao equivalente de 5,1 UGM.

h) Esterco: todo excremento ou ouriños de gando porcino, con ou sen estrume.

i) Bioseguridade: conxunto de medidas que abarcan tanto estruturas da explotación como aqueles aspectos de manexo e xestión, orientadas a protexer os animais da entrada e difusión de enfermidades infecto-contaxiosas e parasitarias na explotación.

j) Todo dentro-todo fóra: sistema de manexo que implica o baleirado completo de animais dunha sala, módulo, nave ou edificio, para a súa posterior limpeza e desinfección, mantendo un tempo determinado de espera antes da introdución do seguinte lote de animais que garanta unha correcta desinfección.

k) Melloras técnicas dispoñibles: as definidas no artigo 3 do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación.

Artigo 3. Clasificación das explotacións de gando porcino.

Sen prexuízo do establecido no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, as explotacións de gando porcino clasificaranse e rexistraranse de acordo coas seguintes categorías:

1. Polo tipo de explotación:

a) Explotacións de produción e reprodución: tal e como se definen no anexo III do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo.

b) Centros de concentración de gando porcino:

1.º Instalacións de certames gandeiros: instalacións en que, de acordo coa autorización pertinente, se celebran certames gandeiros, tal e como se definen na Lei 8/2003, do 24 de abril.

2.º Explotacións de tratantes ou operadores comerciais: tal e como se definen no anexo III do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo.

3.º Centros de testaxe: é a explotación onde se testan animais machos e femias, para determinar o seu valor xenético ou aptitude reprodutiva, procedentes de explotacións de selección, multiplicación, transición de reprodutores e centros de recollida de seme porcino, dentro dun grupo explotacións cun programa sanitario común.

4.º Centro de agrupamento de reprodutores para refugo: é a instalación en que se reúnen animais reprodutores de refugo de diferentes explotacións de orixe, con destino a sacrificio, cun tempo de estancia máximo de 48 horas.

c) Postos de control: os previstos no Regulamento 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e ás operacións conexas e polo que se modifican as directivas 64/432/CEE e 93/119/CE e o Regulamento (CE) n.º 1255/97, que se corresponden cos puntos de parada do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo.

d) Explotacións de corentena: explotacións en que se manteñen os animais en observación e control sanitario antes do seu traslado definitivo á explotación gandeira de destino.

2. Pola súa orientación ou clasificación zootécnica.

As explotacións de produción e reprodución, segundo a súa orientación zootécnica, poderán ser:

a) Selección: son as que se dedican á produción de animais de raza pura ou híbridos, inscritos nos correspondentes libros ou rexistros xenealóxicos, que poden destinarse a calquera explotación das recollidas no anexo VI ou á súa propia reposición, e que participan nun programa de cría aprobado pola autoridade competente de acordo co establecido no artigo 8 do Regulamento UE 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016.

b) Multiplicación: son as dedicadas á produción de animais de razas puras ou híbridos, procedentes de explotacións de selección ou de recría de reprodutores de selección, cuxa finalidade principal é a obtención de animais destinados á reprodución, podendo xerar os seus reprodutores para autorreposición.

c) Recría de reprodutores: son as dedicadas á recría de futuros reprodutores procedentes dunha soa explotación gandeira de selección ou multiplicación, cuxo destino é a reprodución ou, como actividade secundaria, a fase de acabamento ou ceba. Así mesmo, poderá autorizarse a incorporación a este tipo de explotacións de animais procedentes de varias explotacións, sempre que estean suxeitas ao mesmo programa sanitario supervisado polo veterinario de explotación, a criterio da autoridade competente.

d) Transición de reproductoras nulíparas: son as que albergan exclusivamente femias nulíparas procedentes dunha soa explotación de orixe, para seren fertilizadas e comercializadas con carácter xeral como reproductoras xestantes ou, marxinalmente, destinadas á fase de acabamento ou ceba. Así mesmo, poderá autorizarse a incorporación a estas explotacións de femias nulíparas procedentes doutras explotacións, sempre que estean suxeitas ao mesmo programa sanitario supervisado polo veterinario de explotación, a criterio da autoridade competente.

e) Centro de recollida de seme porcino: explotación autorizada especificamente pola autoridade competente para a recollida, procesamento, almacenamento e transporte de seme dos verróns para a súa comercialización, ou para o seu transporte a un centro de procesamento externo previo á súa comercialización, para a súa aplicación en inseminación artificial.

f) Transición de leitóns: son as explotacións que albergan leitóns procedentes doutras explotacións para a súa recría e posterior traslado a cebadeiro ou matadoiro, incluída a fase de engorda de leitóns previa á fase de ceba que se realiza no sector ibérico.

g) Producción: son as que están dedicadas á produción de leitóns para a súa engorda e sacrificio, ben sexa directamente ou logo do paso por unha recría ou transición de leitóns, que poden xerar os seus reprodutores para a autorreposición. De acordo co seu destino, subdivídense en explotacións de:

1.º Ciclo pechado: o destino dos animais é a propia explotación. As instalacións posibilitan que todas as fases, é dicir, o nacemento, a cría, a recría ou transición e a ceba, teñen lugar nunha mesma explotación, utilizando unicamente a produción propia.

2.º Producción de leitóns: o destino dos animais é unha explotación de recría ou transición a unha explotación de ceba autorizada ou ao matadoiro. O proceso produtivo límitase ao nacemento e á cría até a desteta; poderase prolongar esta até a recría ou transición dos leitóns.

3.º Tipo mixto: parte dos leitóns nados nestas explotacións destinaranse á recría ou ceba noutras explotacións ou a un matadoiro, e outra parte dos animais permanecerá na explotación para a súa ceba completa.

h) Ceba: son as dedicadas á engorda de leitóns con destino final a matadoiro. Polas súas especiais características, existen dous tipos particulares de explotacións de ceba que teñen a súa propia clasificación zootécnica:

1.º Ceba: aquelas explotacións de ceba que albergan leitóns desde o final da fase de recría ou transición, completando a engorda até a súa saída con destino a matadoiro.

2.º Ceba desde a desteta ao acabamento: aquelas explotacións de ceba que albergan leitóns desde a súa desteta, completando a engorda até a súa saída con destino a matadoiro.

Cada explotación terá unha única clasificación zootécnica para os efectos de rexistro e identificación. Non obstante, no caso de que as autoridades competentes das comunidades autónomas consideren que as medidas de bioseguridade e o Sistema integral de xestión das explotacións previsto no artigo 6 son adecuados e suficientes para previr a introdución e o contaxio de enfermidades, unha explotación poderá compaxinar as seguintes orientacións zootécnicas:

- Explotacións de transición de leitóns e ceba.
- Explotacións de produción e explotacións de recría de reprodutores ou explotacións de transición de reproductoras nulíparas, sempre que a recría destes animais vaia destinada exclusivamente á propia explotación.

3. Pola súa capacidade produtiva.

As explotacións de gando porcino clasifícanse en función da súa capacidade produtiva, expresada en UGM, de acordo coas equivalencias establecidas para cada tipo de gando no anexo I, da forma seguinte:

- a) Explotación reducida: aquelas así definidas no artigo 2.2.g), cunha capacidade máxima de 5,1 UGM.
- b) Grupo primeiro: explotacións con capacidade até 120 UGM.
- c) Grupo segundo: explotacións cunha capacidade superior a 120 UGM e até 480 UGM.
- d) Grupo terceiro: explotacións cunha capacidade superior a 480 UGM e até 720 UGM.

A capacidade máxima dunha explotación de gando porcino establecerase polas UGM dos distintos tipos de animais da explotación, de acordo coas equivalencias do anexo I. As comunidades autónomas poderán incrementar normativamente a capacidade máxima

prevista do grupo terceiro, en función das características das zonas en que se localicen as explotacións, das circunstancias produtivas ou doutras condicións que poida determinar o órgano competente daquelas, sen que en ningún caso poida aumentarse a citada capacidade en máis dun 20 por 100.

CAPÍTULO II

Condicións mínimas de funcionamento

Artigo 4. *Responsabilidades en materia de formación, bioseguridade, hixiene, benestar e sanidade animal.*

1. O responsable do cumprimento das medidas e requisitos en materia de bioseguridade e sanidade animal do presente real decreto e das obrigacións contidas no artigo 10 e 24 do Regulamento (UE) n.º 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2016, é o titular da explotación ou o titular dos animais, conforme o que establece o artigo 16 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

2. O titular da explotación designará un veterinario de explotación, que será o encargado de asesorar e informar o titular da explotación sobre as obrigacións e requisitos do presente real decreto en materia de bioseguridade, hixiene, sanidade e benestar animal.

3. Tal e como establece o Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2016, as explotacións deberán estar sometidas a un plan de visitas zoonosanitarias, realizadas polo veterinario de explotación, cuxa frecuencia será proporcional ao nivel de risco do establecemento, e incluírá unha avaliación dos requisitos de bioseguridade e outros aspectos zoonosanitarios, como o uso racional dos antimicrobianos, así como a verificación destes aspectos incluídos no Sistema integral de xestión das explotacións de gando porcino que establece o artigo 6 do presente real decreto.

Ademais, e dentro deste plan de visitas zoonosanitarias, o veterinario de explotación deberá avaliar o nivel de bioseguridade e outros aspectos zoonosanitarios da explotación. Para isto empregará unha enquisa que recolla, ao menos, o contido mínimo establecido no anexo II do presente real decreto.

4. O titular da explotación asegurarse de que todas as persoas que traballan con gando porcino na explotación teñan unha formación adecuada e suficiente, de acordo cos seguintes principios:

a) Todas as persoas que traballan con gando porcino deberán ter un mínimo de formación de 20 horas, sobre as materias e contido mínimo que figura no anexo III, nun prazo máximo de 6 meses contados desde a data de inicio do seu traballo na explotación, sen prexuízo do que establece a normativa específica en materia de benestar animal e tratamentos biocidas.

Non obstante, as autoridades competentes das comunidades autónomas poderán eximir deste requisito os traballadores que poidan demostrar un mínimo de 3 anos de experiencia práctica en traballos relacionados coa cría de gando porcino, que garanta un coñecemento mínimo nas materias referidas no parágrafo anterior.

Este requisito non se aplicará a quen estea en posesión dalgunha das seguintes acreditacións:

- Título de técnico en Producción Agropecuaria.
- Título de técnico superior en Gandaría e Asistencia en Sanidade Animal.

b) De maneira adicional, o titular da explotación asegurarse de que todos os traballadores en contacto con gando porcino realizan, de maneira periódica e en todo caso ao menos unha vez cada cinco anos, cursos de adecuación dos coñecementos aos avances técnicos da actividade, baseados nas materias incluídas no anexo III, cunha duración mínima de 10 horas.

Artigo 5. *Condicións sobre bioseguridade, infraestruturas, equipamento e manexo.*

1. As explotacións de gando porcino, incluídas as existentes antes da entrada en vigor deste real decreto, excepto as de autoconsumo e reducidas, deberán cumprir cos seguintes requisitos en materia de infraestruturas, equipamento e manexo:

a) A superficie de terreo ocupada pola explotación debe ser adecuada para permitir o correcto desempeño da actividade gandeira.

b) Deberá dispor de instalacións permanentes illadas do exterior, para aloxar todos os animais da explotación en caso de ter que confinar os animais, de acordo coa capacidade máxima rexistrada.

c) As instalacións e equipamentos deberán manterse en bo estado de conservación e someterse a limpeza e desinfección periódica. A disposición das construcións, instalacións, útiles e equipamento posibilitará, en todo momento, a realización dunha eficaz limpeza, desinfección, desinsectación e desratización.

d) A carga e descarga dos animais debe realizarse con suficientes garantías sanitarias e de benestar animal, cumprindo en todo momento coa normativa vixente.

e) Nas explotacións de produción e reprodución, excepto nas explotacións de ceba e transición de leitóns, só se autorizará a entrada de animais procedentes doutras explotacións se van con destino a reprodución.

f) O transporte dos animais de refugo realizarase en camións que deberán ir correctamente lavados e desinfectados, e impediranse cargas compartidas con outras categorías de porcino, excepto cando no medio de transporte só se transporten os animais de refugo xunto a animais de ceba da mesma explotación, con destino a matadouro.

g) A acometida e subministración de auga aos animais realizarase de maneira que se optimice o consumo de auga, evitando na medida do posible as perdas. Para isto deberá dispor dun caudalímetro no punto de entrada da auga á explotación.

h) A explotación no seu conxunto deberá optimizar o uso de enerxía e minimizar, na medida do posible, os ruídos, partículas, po e olores que se xeren.

2. As explotacións de gando porcino, incluídas as existentes antes da entrada en vigor deste real decreto, excepto as de autoconsumo e reducidas, deberán cumprir cos seguintes requisitos en materia de bioseguridade, hixiene e sanidade animal:

a) Dispor dun valado ou illamento perimetral que ille a explotación da entrada de persoas e súidos silvestres do exterior, e que minimize a entrada doutros mamíferos que poidan actuar como vectores de enfermidades. O dito valado deberá estar en bo estado de conservación en todo momento e permitirá que todas as actividades relacionadas coa produción porcina se poidan realizar dentro dos seus límites. Ademais, o acceso terá posibilidade de peche e estará correctamente sinalizado. A entrada ou entradas manteranse cerradas permanentemente, salvo cando se utilicen para a entrada ou saída do persoal ou vehículos autorizados.

O valado perimetral debe abarcar todas as instalacións e zonas con posibilidade de seren usadas polos animais e persoas que traballen na explotación, así como o resto de instalacións anexas e a balsa de estercos ou esterqueira, se é o caso. Non obstante:

1.º A balsa de estercos e a esterqueira, logo de informe e autorización da autoridade competente, poderán situarse fóra do espazo delimitado polo valado perimetral. No caso da balsa de estercos, esta deberá contar, polo menos, cun valado propio das mesmas características que o valado da explotación, e deberá cumprir cos requisitos de localización establecidos pola autoridade competente na autorización concedida.

2.º Os contedores para a recollida de cadáveres, se se dispón deles, poderán instalarse fóra do valado, sempre que se garanta que non xeran molestias a outras persoas alleas á explotación e sempre que se garanta que os restos depositados neles só poden ser manipulados polo persoal da explotación e o persoal responsable da recollida.

b) As aberturas ao exterior das edificacións non aptas para o tránsito de vehículos, persoas ou animais, incluíndo ventás e ocós de ventilación, cubriranse cunha rede de malla que impida o acceso das aves.

c) As explotacións de produción e reprodución que realicen reposición externa, excepto as explotacións de ceba e transición de leitóns, deberán contar con instalacións específicas para realizar a corentena dos animais, sempre que os animais de nova entrada non pasasen previamente por instalacións de corentena. Estas instalacións deberán constituír unha unidade epidemiolóxica independente e separada do resto das instalacións de produción, de forma que se preveña a transmisión de axentes infecto-contaxiosos entre elas. Os animais de nova entrada deberán permanecer nas instalacións de corentena un período mínimo 3 semanas, que permita verificar que o seu status sanitario é igual ou superior ao dos animais da propia explotación en relación, ao menos, coas enfermidades suxeitas a programas sanitarios oficiais.

d) Deberá dispor de arcos de desinfección e/ou un vao sanitario para os vehículos que entren na explotación, ou medios alternativos de eficacia equivalente. En todo caso, os medios de desinfección deberán asegurar a desinfección efectiva das rodas, os pasos de rodas e baixos do vehículo, e deberán estar en correcto estado de conservación e efectividade en todo momento. O resto de entradas deberán contar cun pediluvio ou calquera outro medio de eficacia semellante á entrada do recinto.

e) Deberán dispor de vestiarios antes de entrar na zona de produción, cunha separación clara entre a zona limpa e a zona sucia, así como instalacións e medios suficientes para o lavado de mans. Deberán existir indicacións visibles con instrucións claras sobre os protocolos de hixiene e bioseguridade que hai que aplicar antes da entrada nas zonas de produción.

f) As explotacións de porcino deberán dispor, ao menos, de lavabo, váter e sistema de ducha ou equivalente, que permita ter as condicións adecuadas para a hixiene corporal.

g) En todas as explotacións se deberá minimizar ao máximo posible a entrada de vehículos na explotación, e os vehículos das visitas deberán quedar nun lugar habilitado fóra do valado perimetral da explotación. En explotacións de nova instalación, os vehículos deberán realizar as operacións de carga e descarga de animais, material de cama, penso, esterco e cadáveres desde fóra do valado perimetral da explotación.

h) As explotacións deberán limitar as visitas ao estritamente necesario e disporán dun sistema eficaz de control e rexistro delas no cal se anoten todas as visitas, incluída a identificación dos vehículos e as persoas que entren ou saian da explotación, incluídos os veterinarios.

i) As explotacións deberán dispor de útiles de limpeza e manexo, e roupa e calzado de uso exclusivo da explotación, tanto para o persoal como para as visitas.

j) Deberán dispor de pediluvios ou calquera outro medio de eficacia semellante á entrada dos locais, naves ou parques que aloxen ou poidan aloxar animais, que eviten a entrada e transmisión de enfermidades.

k) Deberán realizar, ao menos unha vez ao día, unha revisión do estado sanitario dos animais, que abarcará todos os grupos de animais da explotación.

l) A xestión dos esterco deberá realizarse de acordo coa normativa vixente.

m) O seme de gando porcino deberá proceder dun centro de recollida de seme porcino autorizado, de acordo co que establece a normativa comunitaria e nacional ao respecto. Nas explotacións que posúan centros de recollida de seme para uso exclusivo dentro delas extremaranse as medidas de hixiene e bioseguridade nas súas instalacións e manexo, e teranse en conta as garantías sanitarias que para as diferentes enfermidades se establecen na lexislación vixente.

n) As explotacións disporán dunha zona ou espazo específico e exclusivo para a observación e illamento dos animais que, por razóns sanitarias ou de benestar animal, deban ser apartados do resto. Será recomendable a existencia dunha instalación deste tipo en cada nave ou módulo. A dita zona ou espazo non será computable para a capacidade produtiva da explotación nin para a xestión de esterco.

ñ) A subministración de auga deberá proceder de rede de subministración municipal ou doutras fontes, caso en que se efectuarán controis de calidade e, se procede, tratamentos de potabilización. Igualmente, adoptaranse medidas para que a auga destinada a outros usos non contamine a auga de bebida.

o) A explotación disporá dun lugar seguro e protexido, convenientemente sinalizado, para o almacenamento dos medicamentos veterinarios e pensos medicamentosos, así como para produtos biocidas, fitosanitarios e outros produtos zosanitarios ou de limpeza.

p) As explotacións de ceba e transición de leitóns operarán baixo o sistema todo dentro-todo fóra definido no artigo 2, de modo que unha vez iniciada a enchedura das instalacións deberá completarse nun prazo máximo de dez días. Non obstante, este requisito non será obrigatorio:

1.º En explotacións que realicen a enchedura das instalacións por módulos, sempre que dispoñan de módulos perfectamente illados entre si, coas medidas de bioseguridade que se establecen neste real decreto e que permitan á explotación recibir animais de distinta procedencia e en distintos momentos, mantendo o illamento sanitario, e sempre que completen a enchedura de cada módulo nun prazo máximo de dez días. En calquera caso, a explotación que queira acollerse a esta excepción deberá ser autorizada para isto por parte da autoridade competente.

2.º En explotacións que traballen dentro dun sistema de produción en fases, e que se enchan exclusivamente con animais procedentes das explotacións incluídas nese mesmo sistema de produción en fases.

3.º Naquelas explotacións que reciban animais procedentes dunha única explotación.

En calquera dos supostos anteriores garantíranse períodos rutineiros de baleirado das instalacións de animais nos cales se poida realizar unha adecuada limpeza e desinfección.

3. As explotacións de gando porcino reducidas, incluídas as existentes antes da entrada en vigor deste real decreto, deberán cumprir cos seguintes requisitos en materia de bioseguridade, hixiene, infraestruturas, equipamento e manexo:

a) Deberán dispor dun valado ou illamento perimetral ou sistema equivalente en bo estado, que ille a explotación do exterior e que inclúa todas as zonas con posibilidade de seren utilizadas polos animais. No caso de que os animais teñan acceso ao exterior, o espazo onde se aloxen os animais deberá estar valado ou illado para evitar a entrada de persoas e o contacto con animais silvestres.

b) Deberán dispor de instalacións permanentes, illadas do exterior para aloxaren todos os animais da explotación, de acordo coa capacidade máxima rexistrada.

c) As aberturas ao exterior das edificacións, non aptas para o tránsito de vehículos, persoas ou animais, incluídos ventás e ocos de ventilación, cubriranse cunha rede de malla que impida o acceso das aves.

d) O acceso á explotación disporá de peche, cun pediluvio ou calquera outro medio de eficacia semellante á entrada do recinto. A entrada ou entradas manteranse cerradas permanentemente, salvo cando se utilicen para a entrada ou saída do persoal ou vehículos autorizados.

e) As visitas deberán restrinxirse ao estritamente necesario. As explotacións deberán manter un rexistro actualizado de vehículos e persoas que as visitan, incluídos os veterinarios.

f) As explotacións deberán dispor de roupa, calzado e equipamento de uso exclusivo dentro do aloxamento dos animais.

g) As explotacións deberán ter unhas condicións hixiénico-sanitarias adecuadas.

h) Deberán contar con asesoramento veterinario.

4. As explotacións de autoconsumo deberán contar cunha adecuada delimitación das súas instalacións e asesoramento veterinario. Tamén deberán manter un rexistro actualizado dos animais presentes na explotación, coa orixe e destino dos animais da explotación e as datas de entrada e saída, á disposición da autoridade competente.

Artigo 6. Sistema integral de xestión das explotacións de gando porcino.

1. Todas as explotacións de gando porcino, incluídas as existentes antes da entrada en vigor deste real decreto, coa excepción das de autoconsumo e reducidas, contarán cun Sistema integral de xestión das explotacións de gando porcino que incluirá, como mínimo, os elementos que se detallan no anexo IV, cuxo contido deberá actualizarse, ao menos, cada 5 anos e, en calquera caso, sempre que a explotación modifique substancialmente as súas instalacións ou prácticas de manexo.

2. O veterinario de explotación elaborará aquelas epígrafes do Sistema integral de xestión das explotacións de gando porcino relacionadas con sanidade, benestar animal, hixiene e bioseguridade.

Artigo 7. Condicións sobre localización e separación sanitaria.

A) Separación sanitaria:

1. Co fin de reducir o risco de difusión de enfermidades infecto-contaxiosas no gando porcino, establécense unha serie de distancias mínimas entre os distintos tipos de explotacións, así como entre estas e outros establecementos ou instalacións que poidan constituír fonte de contaxio e cos núcleos urbanos, que aparecen reflectidas no anexo V. Á marxe dos establecementos incluídos no anexo V, as autoridades competentes poderán establecer distancias a outras explotacións de especies epidemioloxicamente relacionadas ou a calquera outro establecemento ou instalación que presente un risco hixiénico-sanitario, se o consideran oportuno.

2. Con carácter excepcional e coas xustificacións técnicas correspondentes, a autoridade competente poderá autorizar, como máximo, unha redución do 10% nas distancias mínimas que establece o anexo V, analizando previamente os riscos epidemiolóxicos da instalación, tendo en conta, ao menos, a orografía do terreo, a orientación dos ventos dominantes e as condicións de bioseguridade das instalacións, e establecendo as medidas complementarias que considere oportuno.

Ademais, naqueles casos en que as medicións sobre o terreo superen en máis dun 30% as medicións sobre plano e existan barreiras naturais ou accidentes do terreo que minimicen os riscos de difusión de enfermidades, a autoridade competente poderá reducir as distancias mínimas que establece o anexo V nun 10% de maneira adicional.

3. As comunidades autónomas insulares poderán modular as distancias mínimas que establece o anexo V, en función das características das zonas en que se localicen e as medidas complementarias adicionais que se establezan, sen que, en ningún caso, poidan reducirse estas en máis dun 20%.

4. A medición das distancias a que se refire o número 1 do presente artigo realizarase sobre plano (distancia topográfica) e efectuarase tomando como referencia o lugar onde se aloxan os animais máis próximo á instalación sobre a que se pretende establecer a citada distancia, e até o límite da franxa do dominio público, para as vías públicas, establecido no artigo 13 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, e no artigo 29 da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas.

5. As distancias a que se refire o número 1 aplicaranse reciprocamente entre as explotacións e o resto de establecementos.

6. Con carácter excepcional, non serán de aplicación as distancias mínimas establecidas no anexo V entre as explotacións de gando porcino e os matadoiros:

a) Naqueles matadoiros que sacrifiquen especies distintas a porcino, sempre que, a xuízo da autoridade competente da comunidade autónoma, tanto as explotacións como os matadoiros contén con adecuados sistemas de illamento sanitario de acordo coa normativa vixente e se mantéña, en todo caso, unha distancia mínima de 500 metros.

b) No caso de matadoiros que sacrifiquen animais da especie porcina, as distancias que establece o anexo V entre explotacións de gando porcino e matadoiros poderán reducirse até un 50%, a criterio da autoridade competente da comunidade autónoma, de maneira excepcional, de acordo cun estudo caso por caso e sempre que, como mínimo, o

matadoiro cumpra coas seguintes exigencias, que minimicen a difusión de axentes patóxenos:

- 1.º Entrada exclusiva de vehículos para a descarga de animais, cun sistema de desinfección do vehículo.
- 2.º Descarga de camiões en espazos cubertos e cerrados.
- 3.º Limpeza e desinfección de vehículos nas mesmas instalacións despois da descarga dos animais.
- 4.º Limpeza e desinfección diaria dos currais de espera dos animais.

B) Limitacións por densidade gandeira:

A autoridade competente da comunidade autónoma poderá limitar a instalación de novas explotacións de gando porcino e a capacidade máxima destas por razóns ambientais ou sanitarias, en zonas declaradas pola comunidade autónoma como de alta densidade gandeira ou como vulnerables, nos termos establecidos polo Real decreto 261/1996, do 14 de febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias.

Artigo 8. *Movemento dos animais das explotacións de gando porcino.*

Sen prexuízo do que estableza a normativa comunitaria e nacional en materia de sanidade animal, intercambios intracomunitarios de animais da especie porcina, movemento pecuario e identificación dos animais, os movementos de animais entre as diferentes explotacións definidas no artigo 3 realizaranse conforme o que establece o anexo VI.

A autoridade competente da comunidade autónoma poderá establecer excepcións aos movementos que recolle o anexo VI do real decreto no caso de animais destinados a centros de experimentación ou a núcleos zoolóxicos.

Artigo 9. *Xestión de esterco na explotación.*

O disposto neste artigo aplicarase a todas as explotacións de gando porcino, incluídas as existentes no momento da entrada en vigor deste real decreto.

1. As explotacións de gando porcino deberán dispor de balsas de esterco cercadas e impermeabilizadas, natural ou artificialmente, que eviten o risco de filtración e a contaminación das augas superficiais e subterráneas, asegurando que se impidan perdas por rebordamento, filtración ou por inestabilidade xeotécnica, co tamaño preciso para poder almacenar a produción de polo menos tres meses, que permita a súa xestión adecuada de acordo co plan de produción e xestión de esterco incluído no Sistema integral de xestión das explotacións. Para o cálculo do volume da balsa poderanse utilizar os valores que figuran no anexo I, calquera outra ferramenta equivalente ou instrumento de medición directa ou indirecta, ou calquera criterio ou valor autorizado pola autoridade competente.

A construción dunha balsa nova ou calquera modificación do tamaño ou estrutura da balsa de esterco deberá ir acompañada da adopción de técnicas que reduzan as emisións de amoníaco en, ao menos, un 80% con respecto á referencia da balsa sen ningún tipo de cuberta. Cando esta técnica supoña a cubrición da balsa e cando esta cubrición poida implicar a acumulación de gas metano, adoptaranse sistemas de xestión do dito gas que eliminen os riscos relativos á súa acumulación ou emisión á atmosfera.

Cando a explotación traballe con esterco sólido, deberá mesturarse con palla ou outras substancias que absorban a humidade e deberá dispor dunha esterqueira impermeabilizada e cuberta, cun sistema para a recollida de lixiviados.

2. Poderase manipular o esterco na propia explotación, sempre que non implique a mestura de esterco doutras explotacións e sempre que o seu destino final sexa algún dos destinos descritos no número 4 do presente artigo.

3. Deberán presentar un plan de xestión e produción de esterco, incluído no Sistema integral de xestión das explotacións de gando porcino, de acordo co anexo IV.

4. Os titulares das explotacións de porcino deberán xestionar os esterco das súas explotacións mediante a utilización de calquera dos seguintes procedementos:

a) Valorización agronómica: sen prexuízo do que estableza a normativa específica en materia de fertilización do solo e os criterios sanitarios que establece a normativa de subprodutos animais non destinados ao consumo humano, as explotacións deberán:

1.º Respetar como distancia mínima, na distribución de esterco sobre o terreo, a de 100 metros respecto a outras explotacións do grupo primeiro e 200 metros respecto a outras explotacións dos grupos segundo e terceiro e aos núcleos urbanos. En relación cos cursos de augas, respectarase o establecido no Regulamento do dominio público hidráulico que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, e o disposto nos diferentes plans hidrolóxicos de bacía.

2.º Dispor de superficie agrícola suficiente, propia ou concertada, para a valorización agronómica dos esterco. A cantidade de esterco que se aplicarán na superficie agrícola deberá axustarse ao establecido no Real decreto 261/1996, do 16 de febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación, e deberase calcular o contido de nitróxeno do esterco utilizando:

i) As bases zootécnicas para o cálculo do balance alimentario de nitróxeno e fósforo, publicadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, así como a cantidade de esterco producido por praza que figura no anexo I, ou ben

ii) Calquera outra ferramenta equivalente, ou instrumento de medición directa ou indirecta, autorizado pola autoridade competente da comunidade autónoma.

3.º A valorización levaraa a cabo individualmente cada explotación, ou a través dun programa de xestión común para varias explotacións, logo de autorización do órgano competente da comunidade autónoma.

b) Entregar a unha instalación autorizada ou operador autorizado, respectivamente, ou xestionar o esterco dentro da explotación, conforme o que establece o Regulamento (CE) n.º 1069/2009, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, polo que se establecen normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e aos produtos derivados non destinados ao consumo humano e, subsidiariamente, a Lei 22/2011, do 28 de xullo. As explotacións que entreguen esterco a unha instalación autorizada ou operador autorizado, respectivamente, deberán acreditar a súa entrega mediante o correspondente contrato, e mediante o rexistro de entregas á instalación e o arquivamento dos documentos comerciais de acordo coa normativa de subprodutos animais non destinados ao consumo humano ou residuos, se é o caso.

Artigo 10. *Redución de emisións na explotación.*

1. As explotacións de gando porcino de nova instalación, excepto as reducidas e as de autoconsumo, deberán adoptar as mellores técnicas dispoñibles que se especifican no anexo VII do presente real decreto.

2. As explotacións de gando porcino existentes con capacidade produtiva superior a 120 UGM deberán adoptar, de acordo cos prazos establecidos na disposición derradeira cuarta, un sistema de alimentación multifase, con redución do contido de proteína bruta, tendo en conta as necesidades dos animais, así como realizar un baleirado das fosas de esterco dos aloxamentos ao menos unha vez ao mes. Ademais, deberán adoptar, ao menos, unha das seguintes técnicas na súa explotación:

a) Baleirado das fosas de esterco dos aloxamentos ao menos dúas veces á semana, co obxecto de reducir ao menos un 30% as emisións de gases contaminantes, respecto da técnica de referencia.

b) Cubrir as balsas de esterco, nas zonas en que non se forme de maneira espontánea cotra que cubra totalmente a superficie, con técnicas que reduzan as emisións de gases contaminantes ao menos nun 40% con respecto á referencia de balsa sen cotra.

Calquera outra técnica, descrita como mellor técnica dispoñible, que garanta unha redución de emisións de gases contaminantes equivalente á alcanzada mediante as técnicas descritas nas letras a) ou b), e que contribúa a minimizar as emisións de gases de efecto invernadoiro da granxa.

Alternativamente, as explotacións poderán reducir a súa capacidade máxima autorizada para reducir o seu nivel de emisións de amoníaco a niveis equivalentes ao establecido no presente número.

Non obstante, e de acordo co disposto na disposición derradeira quinta, se á vista dos informes anuais sobre evolución dos límites de emisión fixados para España se detectan desviacións sobre a senda de redución establecida, a partir de xaneiro de 2023 adoptaranse, ao menos, as dúas técnicas establecidas nas letras a) e b) do presente número –ou outras mellores técnicas dispoñibles alternativas que permitan unha redución de gases contaminantes equivalente á combinación de ambas–, e revisarase se é o caso a dimensión media das explotacións afectadas por estas exixencias.

3. O titular da explotación comunicará á autoridade competente da comunidade autónoma as mellores técnicas dispoñibles empregadas durante o ano anterior para a redución de emisións de gases contaminantes e de efecto invernadoiro, conforme os prazos establecidos no artigo 16.

Artigo 11. *Rexistro de mellores técnicas dispoñibles das explotacións.*

1. Para garantir o cumprimento dos requisitos para a redución de emisións establecidos no artigo 10, créase, adscrito á Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación, o Rexistro xeral de mellores técnicas dispoñibles en explotacións, que será xestionado pola Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. Este rexistro recompilará información, tanto en cada explotación como de forma agregada, relativa ás mellores técnicas dispoñibles utilizadas en cada explotación para a redución de emisións, de acordo co establecido no artigo 16.

3. As autoridades competentes actualizarán a información do rexistro a través da información recibida nas notificacións efectuadas polos titulares das explotacións, de acordo co establecido no artigo 16.

4. Anualmente, as autoridades competentes das comunidades autónomas notificarán á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 1 de abril, unha listaxe coa información sobre as mellores técnicas dispoñibles empregadas polas explotacións para o cumprimento do establecido no artigo 10. Para o efecto, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación habilitará procedementos informáticos para a sistematización da recollida da dita información.

5. Con base na información anual remitida polas comunidades autónomas e nos datos do Sistema español de inventario de emisións, segundo o previsto no Real decreto 818/2018, do 6 de xullo, emitirase un informe onde se reflecta a evolución das emisións do sector porcino de maneira anual, que se elevará á Mesa de ordenación dos sectores gandeiros a que se refire o artigo 18.

Artigo 12. *Produción en fases.*

1. As explotacións de gando porcino que traballen no sistema de produción en fases deberán ter unha autorización específica para isto da autoridade competente, con base no

cumprimento dos requisitos do presente artigo. Para tal fin, deberán presentar unha memoria en que se describan as explotacións que integran o sistema, as fases del e o manexo e fluxo dos animais dentro do sistema.

2. As explotacións que traballen no sistema de produción en fases só admitirán animais de explotacións agrupadas no propio sistema.

3. As explotacións que traballen dentro dun sistema de produción en fases deberán ter un mesmo plan sanitario, incluído no Sistema integral de xestión das explotacións de gando porcino.

4. Unha vez autorizada unha produción en fases, a incorporación dunha nova explotación ao sistema requirira unicamente da comunicación de incorporación por parte do titular da explotación e do titular do sistema de produción en fases.

CAPÍTULO III

Identificación dos animais e rexistro das explotacións de gando porcino

Artigo 13. Identificación dos animais.

1. A identificación dos animais levarase a cabo conforme o disposto no Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies bovina, porcina, ovina e cabrúa, así como o establecido no Real decreto 360/2009, do 23 de marzo, polo que se establecen as bases do programa coordinado de loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky.

2. Cando os animais pasen por explotacións intermedias, deberán ser remarcados co número desa explotación antes da súa saída.

3. En animais de capas non brancas utilizarase a marca auricular sempre que os sistemas de tatuaxe dificulten a súa identificación.

Artigo 14. Rexistro de explotacións de gando porcino.

1. As comunidades autónomas inscribirán nun rexistro as explotacións de gando porcino que se localicen no seu ámbito territorial, de acordo co establecido no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, no cal farán constar todos os datos recollidos no anexo II do dito real decreto.

2. Ademais, deberase rexistrar a relación existente entre as explotacións que se encontren agrupadas en sistemas de produción en fases tal e como se definen no presente real decreto, así como a capacidade produtiva de cada fase.

3. Os rexistros das comunidades autónomas estarán informatizados e o seu sistema de xestión permitirá, en todo caso, que as altas, baixas e modificacións que neles se realicen teñan reflexo inmediato no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.

4. Os titulares das explotacións deberán levar, de maneira actualizada, un libro de rexistro, de formato aprobado pola autoridade competente conforme o disposto no artigo 4 do Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro. O dito libro levarase de forma manual ou informatizada e será accesible para a autoridade competente, por petición desta, mantendo os datos correspondentes ao período que esta determine e que, en calquera caso, non poderá ser inferior aos últimos tres anos de actividade da explotación. En caso de cesamento de toda actividade gandeira do titular da explotación, o libro de rexistro deberá ser custodiado polo seu titular durante un período de tempo mínimo, a criterio da autoridade competente, ou ser depositado onde a autoridade competente determine.

O libro conterá, ao menos, os datos recollidos no anexo VIII, sen prexuízo de calquera outra información que estableza a normativa vixente.

Artigo 15. Autorización de novas explotacións, ampliación ou cambio de orientación zootécnica das explotacións existentes.

1. Para poder inscribir as explotacións no Rexistro de explotacións de gando porcino que establece o artigo 14.1, deberán ter sido autorizadas previamente pola autoridade

competente, de acordo co previsto no artigo 36 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal. Pola súa vez, para poder ser autorizadas, as explotacións deberán acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto.

Para os efectos da citada autorización, esta poderá concederse en función do proxecto de instalación de nova explotación, ou de ampliación da xa existente, sometida á posterior comprobación pola autoridade competente de que se levou a cabo a instalación ou a ampliación, unha vez finalizada, conforme o proxecto con base no cal se concedeu a autorización.

2. Poderá concederse autorización de ampliación, ou de cambio de orientación ou clasificación zootécnica, ás explotacións debidamente autorizadas segundo o número 1 e que se encontran inscritas no Rexistro de explotacións de gando porcino, sempre que cumpran co establecido no presente real decreto.

3. Sen prexuízo do que establece o número anterior, a autoridade competente poderá conceder unha autorización de ampliación, ou de cambio de orientación zootécnica, ás explotacións debidamente autorizadas e inscritas no Rexistro de explotacións de gando porcino con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto, aínda que non cumpran coas condicións sobre localización e separación sanitaria que establece o artigo 7, sempre que:

a) Non superen os límites de capacidade produtiva de cada un dos grupos en que están clasificadas de acordo co artigo 3.3.

b) A ampliación da explotación, ou o cambio de orientación zootécnica, non implique unha redución das distancias existentes cos establecementos ou instalacións que poidan constituír unha fonte de contaxio ou cos núcleos urbanos.

4. Como excepción ao establecido no parágrafo anterior, a autoridade competente poderá autorizar a ampliación das explotacións existentes do grupo primeiro que non cumpran coas condicións sobre localización e separación sanitaria que establece o artigo 7, con carácter excepcional e de acordo cun estudo caso por caso que, en todo caso, garanta o cumprimento de, ao menos, os seguintes principios:

a) A explotación deberá cumprir co resto de previsións deste real decreto.

b) A explotación deberá contar coa pertinente autorización e manterse en estado de alta no Rexistro de explotacións de gando porcino.

c) A explotación localizarase nunha zona rural que se vaia revitalizar, de acordo cos criterios definidos no artigo 10 da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural.

d) A explotación localizarase en zonas de montaña, de acordo cos criterios definidos no artigo 32 do Regulamento 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello.

e) A ampliación non implica unha redución de distancias existentes cos establecementos ou instalacións que poidan constituír unha fonte de contaxio, ou cos núcleos urbanos máis próximos.

Cando se aplique a previsión prevista no presente número, a capacidade máxima da explotación non poderá superar un máximo de 240 UGM tras realizar a ampliación. Estas explotacións non poderán acollerse posteriormente á excepción que establece o número 3 do presente artigo.

5. En todos os casos, o sentido do silencio administrativo das solicitudes será desestimatorio, de acordo co previsto no artigo 24.1, segundo parágrafo, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 16. *Obrigacións dos titulares das explotacións.*

Sen prexuízo das obrigacións derivadas da aplicación da normativa vixente, os titulares das explotacións de gando porcino deberán:

1. Facilitar ás autoridades competentes, de acordo cos prazos establecidos no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo:

a) Antes do comezo da súa actividade, a información necesaria para o rexistro da súa explotación, incluíndo, ao menos, os datos indicados no último parágrafo da letra a) do anexo IV do mencionado Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, exceptuando a epígrafe B.11. «Clasificación segundo a forma de cría» e engadindo a epígrafe B.15. «Capacidade máxima».

Ademais, indicárase se a explotación se encontra incluída nun sistema de produción en fases. En caso afirmativo, indicárase o NIF do titular do sistema.

b) A información relativa aos cambios que se produzan nos datos da súa explotación.

c) A información relativa ao censo medio dos animais mantidos na explotación durante o período censual, entendendo como tal o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de cada ano, ambos inclusive, do ano anterior ao da comunicación do dito censo. Para estes efectos, entenderase por censo medio o número de animais en 31 de decembro do ano anterior, que se desagregará, segundo corresponda en función da clasificación zootécnica da explotación, nas seguintes categorías de animais: ceba, leitóns, recría/transición, porcas, reposición e verróns.

O censo medio comunicárase antes do 1 de marzo de cada ano e indicárase o censo medio do ano anterior. Sen prexuízo do anterior, a autoridade competente poderá actualizar o censo das explotacións con motivo das actuacións administrativas que leve a cabo nestas.

2. Comunicar ás autoridades competentes as mellores técnicas dispoñibles aplicadas na explotación no momento da entrada en vigor da obrigación que establece o artigo 10.3. Posteriormente, deberán presentar anualmente, antes do 1 de marzo de cada ano, unha declaración anual das mellores técnicas dispoñibles aplicadas na súa explotación durante o ano anterior, sempre que se modificasen as existentes ou sempre que se incorporasen novas, conforme o que establecen os artigos 10 e 11, no formato que determine a autoridade competente da comunidade autónoma.

3. Ter á disposición da autoridade competente o Sistema integral de xestión das explotacións de gando porcino previsto no artigo 6, debidamente actualizado, para a súa supervisión e control.

4. Manter debidamente actualizados os rexistros documentais, incluído o libro de rexistro regulado no número 4 do artigo 14, que garantan o cumprimento dos requisitos do presente real decreto.

5. Permitir a realización de controis oficiais para verificar o cumprimento dos requisitos desta norma por parte da autoridade competente.

CAPÍTULO IV

Mecanismos de coordinación e réxime sancionador

Artigo 17. *Controis sobre o terreo e mecanismos de coordinación entre autoridades competentes.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas realizarán controis sobre o terreo para comprobar o cumprimento das condicións e requisitos que establece o presente real decreto.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en colaboración coas comunidades autónomas, instrumentará mecanismos de coordinación que aseguren unha aplicación homoxénea deste real decreto en todo o territorio nacional. A coordinación da

execución dos controis sobre o terreo realizarase a través dun programa de controis, que sentará as bases para a execución dos controis oficiais por parte das autoridades competentes das comunidades autónomas.

Artigo 18. *Mesa de ordenación dos sectores gandeiros.*

1. Establécese a Mesa de coordinación da ordenación dos sectores gandeiros como órgano colexiado dependente da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. A Mesa estará integrada polos seguintes membros:

a) Presidente: o titular da Subdirección Xeral de Produtos Gandeiros da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios.

c) Vicepresidente: o titular da Subdirección Xeral Adxunta de Produtos Gandeiros.

d) Vogais: un representante de cada comunidade autónoma e das cidades de Ceuta e Melilla, que acorden integrarse neste órgano, así como un representante da Subdirección Xeral de Medios de Produción Gandeiros, un representante da Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria, un representante do Ministerio para a Transición Ecolóxica e un representante do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, designados polos respectivos titulares.

e) Secretario: un funcionario que ocupe, ao menos, o posto de xefe de sección na relación de postos de traballo da Subdirección Xeral de Produtos Gandeiros, designado polo seu titular.

3. Así mesmo, poderán asistir ás reunións da Mesa, en calidade de asesores, un máximo de tres persoas que, en consideración á súa competencia profesional, sexan expresamente convocadas polo presidente a iniciativa propia ou por proposta de calquera outro membro da Mesa.

4. A Mesa poderá aprobar as súas propias normas de funcionamento. En todo o non previsto nestas aplicarase o disposto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. A Mesa reunirase, ao menos unha vez ao ano, mediante convocatoria do seu presidente, a iniciativa propia ou por solicitude de calquera dos seus membros.

5. Son funcións da Mesa de ordenación dos sectores gandeiros:

a) Facilitar a coordinación das autoridades competentes na aplicación das normativas sobre ordenación das diferentes especies gandeiras.

b) Propor as medidas necesarias que aseguren o crecemento sustentable dos sectores gandeiros.

c) Acordar a constitución de grupos de traballo específicos.

d) Propor, se for o caso, medidas adicionais de redución de emisións, así como a revisión da dimensión media das explotacións afectadas, se os informes a que fai referencia o artigo 11.5 suxiren unha desviación dos obxectivos de redución de emisións de amoníaco para o Reino de España con respecto aos fitos temporais establecidos no Programa nacional de control da contaminación atmosférica (PNCCA). En particular, as ditas medidas poderán incluír a obrigación da cubrición completa das balsas de xurros incluíndo, ademais, dispositivos para a extracción de metano, ou a combinación de dúas ou máis das mellores técnicas dispoñibles descritas no artigo 10.2 do presente real decreto.

Artigo 19. *Réxime sancionador.*

1. En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións aplicable de acordo co establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal; na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados; no Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas; no texto refundido da Lei de prevención e control

integrados da contaminación, aprobado mediante o Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro; no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, ou na Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio, e demais disposicións sancionadoras en materia de dereito administrativo.

2. O disposto no número anterior aplicarase sen prexuízo das responsabilidades ambientais, civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición adicional primeira. *Non incremento de gasto.*

O disposto neste real decreto non suporá incremento do gasto público.

Especificamente, a creación e funcionamento do rexistro previsto no artigo 11, e da Mesa recollida no artigo 18, serán atendidos cos medios humanos e materiais existentes no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Disposición adicional segunda. *Aplicación de condicións de movemento a explotacións extensivas.*

Os movementos entre as diferentes explotacións que establece o anexo VI tamén serán de aplicación ao movemento entre explotacións extensivas, de acordo coa clasificación zootécnica que establece o artigo 3 do Real decreto 1221/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo, e aos movementos entre explotacións de distintos sistemas produtivos (intensivo e extensivo).

Disposición adicional terceira. *Cláusula de recoñecemento mutuo.*

As mercadorías comercializadas legalmente noutro Estado membro da Unión Europea ou en Turquía, ou orixinarias dun Estado da AELC signatario do Acordo EEE e comercializadas legalmente nel, considéranse conformes coa presente disposición.

A aplicación da presente disposición está suxeita ao Regulamento (CE) n.º 764/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen procedementos relativos á aplicación de determinadas normas técnicas nacionais aos produtos comercializados legalmente noutro Estado membro e se derroga a Decisión n.º 3052/95/CE. A partir do 19 de abril de 2020, a aplicación desta disposición está suxeita ao Regulamento (UE) 2019/515 do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de marzo de 2019, relativo ao recoñecemento mutuo de mercadorías comercializadas legalmente noutro Estado membro e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 764/2008.

Disposición transitoria primeira. *Resolución de expedientes en tramitación.*

Os expedientes correspondentes á autorización de explotacións en fase de tramitación sobre os cales non se ditase resolución en firme en vía administrativa resolveranse conforme a normativa en vigor no momento de presentación da solicitude.

Sen prexuízo disto, a autoridade competente, para os efectos do artigo 36 da Lei 8/2003, poderá aplicar a previsión de autorización sobre o proxecto presentado, a que se refire o artigo 15.1.

Disposición transitoria segunda. *Rexistro e autorización de explotacións.*

Non obstante o previsto nos artigos 14 e 15, as explotacións xa inscritas no rexistro recollido no artigo 14, ou as xa autorizadas conforme o artigo 36 da Lei 8/2003, do 24 de abril, manterán tal inscrición ou autorización, sen prexuízo de que, en caso de ampliación das instalacións, lles sexa aplicable o artigo 15.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas, no momento da entrada en vigor deste real decreto, as seguintes disposicións:

- a) O Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas.
- b) A Orde do 30 de xuño de 1982 pola que se establecen normas para o desenvolvemento da ordenación sanitaria e zootécnica das explotacións porcinas extensivas.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1221/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo e polo que se modifica o Real decreto 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen as normas de ordenación das explotacións cunícolas.*

O Real decreto 1221/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo e polo que se modifica o Real decreto 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen as normas de ordenación das explotacións cunícolas, queda modificado como segue:

Un. A epígrafe 1.d) do artigo 3 queda redactada como segue:

«d) De produción: as que orientan a súa actividade principalmente á produción de leitóns para a súa engorda e sacrificio, e poden xerar os seus reprodutores para autorreposición. En atención á súa actividade produtiva, clasifícanse en:

1.º De ciclo pechado, cando todo o proceso produtivo, é dicir, o nacemento, a cría, a recría e a ceba, ten lugar nunha mesma explotación, utilizando unicamente a produción propia.

2.º De ciclo aberto, cando o proceso produtivo se limita ao nacemento e cría dos leitóns, podendo prolongar este até a recría, para a súa ceba posterior noutras explotacións autorizadas. Non obstante, neste tipo de explotación, parte do censo de leitóns poderá realizar todo o proceso produtivo nela.»

Dous. O artigo 8.2.c) queda redactado como segue:

«c) A información relativa ao censo medio dos animais, mantidos na explotación durante o período censual, entendéndose como tal o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro, ambos inclusive, do ano anterior ao da comunicación do dito censo.

Para estes efectos, entenderase por censo medio o número de animais en 31 de decembro do ano anterior, que se desagregará, segundo corresponda en función da clasificación zootécnica da explotación, nas seguintes categorías de animais: ceba, leitóns, recría/transición, porcas, reposición e verróns. Para cada unha destas categorías, indícarase a raza a que pertencen os animais, distinguindo:

Raza porcina ibérica e os seus cruzamentos.

Outras razas.

O censo medio comunicarase, antes do 1 de marzo de cada ano, indicando o censo medio do ano anterior. Sen prexuízo do anterior, a autoridade competente poderá actualizar o censo das explotacións con motivo das actuacións administrativas que leve a cabo nestas.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

As disposicións do presente real decreto terán o carácter de normativa básica estatal, ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.ª da Constitución española, que atribúe ao Estado

a competencia exclusiva en materia de bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Adicionalmente, os artigos 4 a 8 dítanse conxuntamente ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e a coordinación xeral da sanidade, e os artigos 9 a 11 dítanse conxuntamente ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en lexislación básica sobre protección do ambiente.

O artigo 19 dítase conxuntamente ao abeiro do disposto no artigo 149.1, nas súas regras 13.^a, 16.^a e 23.^a, da Constitución.

Non obstante, a norma modificada pola disposición derradeira primeira do presente real decreto seguirá amparándose nos títulos competenciais expresados no Real decreto 1221/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo e polo que se modifica o Real decreto 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen as normas de ordenación das explotacións cunícolas.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de modificación.*

Facúltase o titular do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar o contido dos anexos, co fin de adaptalos á normativa da Unión Europea.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo:

- a) Os requisitos en materia de formación establecidos no artigo 4.4, que entrarán en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2022.
- b) Os requisitos en materia de bioseguridade, infraestruturas, equipamento e manexo que establece o artigo 5, que entrarán en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2024, para explotacións existentes exclusivamente.
- c) A obrigaón de contar cun Sistema integral de xestión das explotacións de gando porcino que establece o artigo 6, que entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2022.
- d) Os requisitos en materia de redución de emisións para as explotacións existentes que establece o artigo 10.2, que entrarán en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2023, sempre que as medidas impliquen unha modificación estrutural da explotación.
- e) Sen prexuízo do establecido no artigo 10, números 1 e 2, os requisitos relativos á comunicación das mellores técnicas dispoñibles que establece o artigo 10.3, así como os requisitos relativos ao rexistro e contabilización de emisións contaminantes e mellores técnicas dispoñibles que establece o artigo 11, que entrarán en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2022.
- f) O informe anual a que se refire o artigo 11.5 emitírase, por primeira vez, antes do 30 de xuño de 2022.
- g) O número un da disposición derradeira primeira, que entrará en vigor ao ano da publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición derradeira quinta. *Mecanismo de salvagarda en relación cos límites nacionais de emisións.*

1. Para garantir o cumprimento dos requisitos para a redución de emisións establecidos no artigo 4.3 do Real decreto 818/2018, do 6 de xullo, a Mesa de ordenación dos sectores gandeiros avaliará, anualmente, os informes sobre emisións do sector porcino, así como a traxectoria lineal da evolución destas.

2. Se, á vista dos informes correspondentes aos anos 2022, 2023 e 2024, desta análise deriva que pode existir un risco de desviación da traxectoria lineal establecida entre os límites de emisión fixados para España para os anos 2020 e 2030, a Mesa propondrá, antes do 1 de xuño do ano 2025, o establecemento de medidas adicionais ás

propostas nos artigos 9.1 e 10 do presente real decreto, que deberán aplicarse a partir do 31 de decembro de 2025.

Dado en Madrid o 11 de febreiro de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,

CARMEN CALVO POYATO

ANEXO I

Equivalencias en UGM dos distintos tipos de gando porcino

Tipo de gando (praza)	Equivalencia en UGM	Producción de esterco (máximo teórico) – (m ³ /praza/ano)
Porca en ciclo pechado (*).	0,96	17,75
Porca con leitóns até a desteta (de 0 a 6 kg).	0,25	5,10
Porca con leitóns até 20 kg.	0,30	6,12
Porca de reposición.	0,14	2,50
Leitóns de 6 a 20 kg.	0,02	0,41
Porco de 20 a 50 kg.	0,10	1,80
Porco de 50 a 120 kg.	0,14	2,50
Porco de ceba de 20 a 120 kg.	0,12	2,15
Porco de ceba de 6 a 120 kg (**).	0,09	1,67
Porco de ceba de máis de 120 kg.	0,15	3,06
Porco de ceba de 20 a máis de 120 kg.	0,14	2,30
Verróns.	0,30	6,12

* Inclúe a nai e a súa descendencia até a finalización da ceba.

** Ceba da desteta ao acabamento («wean to finish»).

ANEXO II

Contido mínimo da enquisa para a avaliación da bioseguridade e outros aspectos zosanitarios nas explotacións de gando porcino no marco das visitas zosanitarias

1. Distancias mínimas legais e distancias a fontes de risco.
2. Illamento perimetral. Posibilidade de contacto con outros mamíferos ou aves.
3. Instalacións de corentena.
4. Acceso de vehículos (vao sanitario ou sistema equivalente, aparcadoiro dos vehículos, acceso de vehículos e camións, arco de desinfección).
5. Acceso de persoas e vestiarios (vestiarios, roupa e calzado de traballo, roupa e calzado das visitas, indicacións para o persoal).
6. Operacións de carga e descarga de animais (puntos de carga e descarga).
7. Operacións de carga e descarga de penso (estado de equipamentos de almacenamento de pensos, sistemas de alimentación, carga e descarga de penso, rexistro de vehículos).
8. Subministración de auga (calidade da auga, estado de depósitos e conducións).
9. Xestión de cadáveres (retirada de cadáveres, rexistro da información).
10. Operacións de carga e xestión de estercos (acceso de vehículos, plan de produción e xestión de estercos).
11. Persoal (xestión de persoal, formación, bioseguridade entre unidades de produción ou fases).
12. Rexistro de visitas e vehículos, incluíndo as visitas do veterinario.
13. Entrada de animais (reposición, movementos, rexistros).
14. Vixilancia sanitaria e control veterinario (pertenza a ADS, veterinario de explotación, instalación para illamento de animais, plan sanitario, rexistros).

15. Conservación, orde e limpeza das instalacións (mantemento, estado limpeza e desinfección, plan LDDD, rexistros).
16. Subministración de seme.
17. Outros animais na explotación.
18. Presenza e almacenamento de medicamentos na explotación, coherencia co libro de tratamentos da explotación e as prescricións veterinarias.

ANEXO III

Contido mínimo dos cursos de formación para o persoal que traballe con gando porcino

1. Características da produción porcina:
 - a) Morfoloxía e fisioloxía da especie porcina.
 - b) Alimentación e sistemas de aloxamento.
2. Sanidade animal, hixiene e bioseguridade:
 - a) Bioseguridade en explotacións de gando porcino e boas prácticas de hixiene.
 - b) Actuacións na prevención de enfermidades animais e zoonoses.
 - c) Inspección e observación de animais enfermos.
 - d) Recoñecemento dos síntomas/síndromes asociados ás enfermidades de declaración obrigatoria. Vixilancia pasiva e obrigacións de comunicación ás autoridades competentes.
 - e) Medidas de loita contra enfermidades animais.
 - f) Interacción entre saúde animal e humana.
 - g) Formación inicial en benestar animal.
 - h) Resistencia aos tratamentos, incluída a resistencia antimicrobiana e as súas consecuencias.
 - i) Introducción sobre a normativa reguladora da capacitación para realizar tratamentos con biocidas.
3. Manexo:
 - a) Manexo no período poscubrición.
 - b) Manexo no parto, parto e puerperio.
 - c) Manexo da desteta.
 - d) Manexo da fase de ceba.
4. Xestión ambiental e de loita contra o cambio climático das explotacións.
 - a) Almacenamento de esterco.
 - b) Xestión de esterco.
 - c) Control de emisións, ruídos e olores.
 - d) Consumo de auga e enerxía.
5. Rexistro de información e documentación.
6. Normativa vixente no ámbito europeo, nacional, autonómico e local relacionada.

ANEXO IV

Contido mínimo do Sistema integral de xestión das explotacións de gando porcino

1. Identificación do veterinario de explotación e establecemento de competencias e responsabilidades dentro da explotación.
2. Plan de limpeza, desinfección, desinsectación e desratización das instalacións documentado (traballadores encargados, produtos utilizados –incluídos biocidas–, rexistro de actividades, monitorización de eficacia...).

3. Plan de mantemento das instalacións.
4. Plan de formación en materia de benestar animal, ambiente, bioseguridade, sanidade, hixiene e manexo dos animais, resistencia aos tratamentos, incluídas as resistencias antimicrobianas e as súas consecuencias.
5. Plan de recollida e almacenamento de cadáveres e outros subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano, con vistas á súa retirada e eliminación.
6. Plan de xestión de residuos (medicamentos, pensos medicamentosos non utilizados, envases, material sanitario funxible...).
7. Plan de xestión ambiental e de loita contra o cambio climático:
 - a) Medidas para a optimización do uso de auga e enerxía.
 - b) Medidas para o control de ruídos, partículas, po e olores.
 - c) Plan de produción e xestión de esterco. Este plan incluírá, como mínimo, as seguintes cuestións:
 - i. Sistema de recollida e instalacións previstas para o almacenamento dos estercos.
 - ii. Produción anual estimada de estercos.
 - iii. Descrición da xestión prevista para os estercos, sinalando a contía dos que se destinarán directamente á valorización agronómica e as contías dos que se destinarán a un tratamento autorizado.
 - iv. Superficie agrícola ou forestal para a utilización dos estercos polo produtor e identificación das parcelas destinatarias, así como identificación dos operadores autorizados aos cales se entregase o esterco ou, se for o caso, as instalacións de tratamento autorizadas de destino dos estercos.
8. Plan de bioseguridade.
9. Plan sanitario en relación coas enfermidades de declaración obrigatoria, así como en relación con outras enfermidades que sexan de interese para a propia explotación, para a comarca, provincia ou comunidade autónoma.
10. Plan de uso racional de antibióticos, no cal se inclúan indicadores de seguimento.
11. Plan de benestar animal, co seguinte contido mínimo:
 - a) Descrición das condicións estruturais e ambientais da explotación.
 - b) Avaliación de factores de risco para o benestar dos animais incluíndo o risco de desastres naturais (tales como inundacións, terremotos ou incendios) de acordo coas características do lugar onde se encontra a explotación.
 - c) Plan de acción con medidas que se adoptarán sobre os riscos identificados.

ANEXO V

Distancias mínimas entre explotacións e entre explotacións e outros establecementos ou instalacións

	Grupo primeiro	Grupos segundo e terceiro	Explotacións de distancia ampliada ¹	Centros de concentración	Núcleos urbanos	Vertedoiros autorizados	Matadoiros	Industrias cármicas	Plantas Sandach de categoría 1 e 2 ²	Plantas Sandach de categoría 2 ⁴ e 3	Vías públicas ²
Grupo primeiro.	500 m	1 km	2 km	3 km	1 km	1 km	2 km	500 m	1 km	500 m	100 m 25 m
Grupos segundo e terceiro.	1 km	1 km	2 km	3 km	1 km	1 km	2 km	500 m	1 km	500 m	100 m 25 m
Explotacións de distancia ampliada ¹ .	2 km	2 km	2 km	3 km	1 km	2 km	2 km	500 m	2 km	500 m	100 m 25 m

	Grupo primeiro	Grupos segundo e terceiro	Explotacións de distancia ampliada ¹	Centros de concentración	Núcleos urbanos	Vertedoiros autorizados	Matadoiros	Industrias cármicas	Plantas Sandach de categoría 1 e 2 ³	Plantas Sandach de categoría 2 ⁴ e 3	Vías públicas ²
Centros de concentración.	3 km	3 km	3 km	3 km	1 km	3 km	3 km	1 km	3 km	1 km	100 m 25 m

¹ Explotacións de selección, multiplicación, recría de reprodutores, transición de reproductoras nulíparas, centros de recollida de seme porcino e explotacións de corentena, segundo se definen no artigo 3 do presente real decreto.

² A distancia mínima será de 100 metros a ferrocarrís, autovías, autopistas e estradas da Rede nacional, e de 25 metros a calquera outra vía pública, salvo aquela pola que se acceda directamente á entrada da explotación.

³ Que realicen tratamento de cadáveres

⁴ Que non realicen tratamento de cadáveres

ANEXO VI

Movementos entre explotacións de gando porcino

	ORIXE	DESTINO								
		Selección	Multiplicación	Recría de reprodutores	Transición de reproductoras primíparas	CRSP ²	Produción	Transición	Ceba, autoconsumo e reducidas	Matadoiro
	Autoconsumo.									X
	Reducidas.								X	X
Centros de concentración.	Tratantes ou operadores comerciais.							X	X	X
	Certame gandeiro.						X	X	X	X
	CARD ¹ .									X
	Centro de testaxe.						X	X	X	X
	Selección.	X	X	X	X	X	X	X	X	X
	Multiplicación.		X	X	X	X	X	X	X	X
	Recría de reprodutores.	X	X			X	X		X	X
	Transición de reproductoras primíparas.	X	X				X		X	X
	CRSP ² .									X
	Produción.							X	X	X
	Transición.							X ³	X	X
	Ceba.								X ³	X

¹ Centro de agrupamento de reprodutores para refugio.

² Centro de recollida de seme porcino.

³ Só para explotacións que traballen dentro dun sistema de produción en fases. No caso do ceba, como excepción, permitírase a saída desde explotacións de ceba a outras explotacións de ceba en réxime extensivo incluídas no ámbito de aplicación do Real decreto 1221/2009, do 17 de xullo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo.

ANEXO VII**Listaxe de mellores técnicas dispoñibles para adoptaren as explotacións de gando porcino de nova instalación**

Co fin de cumprir cos requisitos de redución de amoníaco, establecidos no Real decreto 818/2018, do 6 de xullo, e para controlar as emisións de amoníaco, as explotacións de gando porcino deberán adoptar as seguintes medidas, que se basean no código marco de boas prácticas agrarias da CEPE/ONU e nas mellores técnicas dispoñibles e as súas actualizacións definidas no artigo 3.10 da Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010:

– Para reducir o nitróxeno total excretado e as emisións de amoníaco, así como as emisións de gases de efecto invernadoiro, satisfacendo ao mesmo tempo as necesidades nutricionais dos animais, deberán utilizar unha estratexia nutricional e unha formulación de pensos que permitan reducir o contido de proteína bruta da alimentación, e administrar unha alimentación multifase dependendo dos diferentes requisitos nutricionais segundo a etapa produtiva.

– Para reducir as emisións de amoníaco á atmosfera de cada nave, así como as emisións de gases de efecto invernadoiro, deberá adoptarse unha técnica ou unha combinación de técnicas que permitan a redución de emisións de amoníaco en, ao menos, un 60% con respecto á técnica de referencia (pisos en grella total, fosas en «U» e mantemento do esterco durante todo o ciclo produtivo nas fosas das instalacións).

– Para reducir as emisións de amoníaco á atmosfera durante o almacenamento exterior do xurro, así como as emisións de gases de efecto invernadoiro, deberán adoptar técnicas que reduzan, ao menos, un 80% as emisións de amoníaco con respecto á técnica de referencia (fosas abertas e sen costra natural).

ANEXO VIII**Contido mínimo do libro de rexistro**

O libro de rexistro conterá, como mínimo, a seguinte información:

1. Código da explotación.
2. Nome, coordenadas xeográficas e/ou enderezo da explotación.
3. Datos do titular: NIF, teléfono e enderezo completo, e datos do titular dos animais (persoa física ou xurídica), NIF, teléfono e enderezo completo no caso de que sexan diferentes.
4. Especie.
5. Clasificación zootécnica e capacidade máxima da explotación.
6. Inspeccións e controis oficiais: data de realización, motivo, número de acta, se for o caso, e identificación do veterinario oficial.
7. Incidencias de calquera enfermidade infectocontaxiosa ou parasitaria.
8. Para os animais identificados individualmente, o tipo de identificador e o código de identificación.
9. Substitución, cando procede, dos medios de identificación dos animais.
10. Entrada de animais: data, número de animais e categoría a que pertencen. Código da explotación de procedencia e número de guía, certificado sanitario ou documento de movemento.
11. Saída de animais: data, número de animais e categoría a que pertencen, incluíndo as baixas na explotación. Código da explotación de destino incluíndo matadoiros e número de guía, certificado sanitario ou documento de movemento.
12. Censo total de animais mantidos durante o ano anterior, desagregado por categorías, segundo os criterios de cálculo de censo que establece o artigo 16.
13. Nome, apelidos e sinatura do representante das autoridades competentes que comprobouse o rexistro e a data en que levou a cabo a comprobación.

14. Rexistro anual de produción de esterco, indicando, en función do seu destino:
- a) En caso de valorización agronómica: contía destinada a valorización agronómica e identificación das parcelas ás cales se destinou.
 - b) En caso de tratamento como subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano ou, se for o caso, plantas de tratamento de residuos, contía destinada e identificación dos operadores ou instalacións aos cales se destinou.